



Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 5 de outubro de 2022 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é rricular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2024.

O 10 de decembro de 2024 asinouse unha addenda cuxo obxecto é a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, incremento do importe subvencionable, o número de reunións da comisión de seguemento, as porcentaxes de execución, a compatibilidade con outras axudas, a actualización das DACI e a autorización de prórroga.

A vixencia do convenio esténdese ata o 31 de maio de 2026

Segundo.- A Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do PRTR de España establece para o C14.I1.2 unha serie de Fitos e Obxectivos vinculantes denominados CID (Council Implementing Decision) para esta Submedida que foron simplificados na Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026. Dita Adenda elimina o Fito 220 da Decisión de Execución do Consello pola que se aproba a avaliación do PRTR (documento CID, nas súas siglas en inglés). Anteriormente este fito 220 fixo referencia ao grado intermedio de execución dos Plans de Sostenibilidade Turística en Destinos (PSTD), establecendo que, a 31 de decembro de 2024, as Comisións de Seguemento debían asegurar que todos os destinos beneficiarios alcanzasen, como mínimo, as seguintes porcentaxes de execución de cada plan:

50 %, no caso dos destinos adxudicados en 2021.





- 30 %, no caso dos destinos adjudicados en 2022.
- 15 %, no caso dos destinos adjudicados en 2023.

Así mesmo, a Adenda modifica o Fito CID 221, que na súa redacción anterior establecía que, a 30 de xuño de 2026, debía certificarse a finalización de todos os proxectos incluídos nos "Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos", adjudicados conforme aos obxetivos 217, 218 y 219, destinándose polo menos o 35 % dos fondos a financiar actuacións vinculadas á transición verde, a sostenibilidade e a eficiencia enerxética e a electromovibilidade nos destinos.

A nova redacción do Fito CID 221 mantén o 30 de xuño de 2026 como prazo máximo para a finalización das actuacións incluídas nos PSTD, que pasan a constituir a unidade de medida para a xustificación. Neste sentido, para un número total acumulado de 4.200 actuacións, esíxese a acreditación da súa finalización mediante algún dos seguintes instrumentos:

- informes finais acreditativos da finalización das actividades subvencionadas por parte dos beneficiarios (entidades ou particulares) de subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos»,
- ou confirmacións por parte da Administración da execución das obras contratadas no ámbito dos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos»,
- ou certificacións de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos».

A Adenda aprobada polo ECOFIN o 13 de xaneiro de 2026 é a que permite que as Comunidade Autónoma de Galicia poida prorrogar a execución dos PSTD. Esta ampliación de prazos leva aparellada a ampliación do prazo de amortización do anticipo reembolsable.

Así mesmo, fai preciso modificar as cláusulas do obxecto do convenio, das obrigas da entidade beneficiaria e de prazo e forma da xustificación no contido referido expresamente ao Fito 220 e 221.





Terceiro.- A necesidade imperativa de dotar ao proxecto dunha maior axilidade administrativa fai preciso dotar á Comisión de Seguimento de potestades que lle permitan actuar ante incidencias operativas non sustanciais e evitar trámites redundantes que dilaten a execución, para garantir a eficacia e o bo fin do proxecto, o que mellora a eficiencia operativa e a optimización do seguimento, evitando demoras innecesarias na execución baixo a premisa de que as solucións técnicas e operativas adoptadas de forma urxente por esta vía sexan posteriormente ratificadas e validadas pola Comisión Bilateral. De este modo, garantízase unha execución fluida sen renunciar ao control xerárquico e á seguridade xurídica que proporciona o máximo órgano de decisión, todo isto de acordo co previsto na Resolución de 24 de febreiro de 2026, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica a modificación do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco da Compoñente 14, Inversión 1, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Cuarto.- A ampliación de prazo de presentación da documentación xustificativa fundaméntase na necesidade de garantir unha óptima execución da actividade subvencionada, asegurando que o cumprimento dos obxectivos previstos alcance os estándares de calidade técnica e rigor administrativo. Dadas as circunstancias de complexidade documental, resulta imprescindible dispoñer dunha marxe adicional que permita unha correcta e completa xustificación dos fondos públicos recibidos, evitando que se comprometa a finalidade de axuda ou a transparencia do procedemento. Esta medida, amparada no artigo 32 da Lei 39/2015, non supón prexuízo para terceiros e busca, exclusivamente, o interese xeral mediante a consecución o proxecto financiado.

Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ó obxecto, as obrigas da entidade beneficiaria, as condicións e amortización do anticipo reembolsable, a comisión de seguimento, o prazo e forma de xustificación e a vixencia





Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícanse as cláusulas primeira, quinta, sétima, novena, décima e décima sexta, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

“Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

En concreto, o PSDT obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria

Compromisos asumidos en canto á execución do subproyecto:

1.-De conformidade co disposto na LEI 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola comunidade autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia queda legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obriga





do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/ subproxecto definidos no Anexo I. Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

- a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
- b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.
- c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
- d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
- e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.
- f) Cumprir as obrigas dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obriga de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigas da entidade local:

- a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como no fito 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.





b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) A prevención, detección, comunicación, corrección e avaliación de risco de fraude, corrupción e conflito de interese e o enchemento da Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar estes conflitos de intereses no marco do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e de acordo coas obrigas da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. A este respecto, a entidade local beneficiaria, deberá aplicar o Plan Xeral de Prevención de riscos e de medidas anti-fraude na aplicación de fondos públicos: especial consideración dos fondos procedentes do "Plan Xeral de prevención de riscos na xestión económica-financeira e de medidas antifraude (PREMADECOR) da Deputación Provincial da Coruña".

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos.

d) Someterse ás actuacións de control e seguimento da aplicación dos fondos destinados ao proxecto mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Axencia Turismo de Galicia, así como ao control financeiro dos mesmos pola Consellería de Facenda da comunidade autónoma e o Tribunal de Contas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Luita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas.





e) Comprométense a remitir a Axencia Turismo de Galicia canta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV. B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigas en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV. B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV. C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente





da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obriga de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar, os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde que se abonase o saldo da operación financeira, ou por un período de tres anos, cando o importe da subvención sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver a Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na Cláusula 10.





ll) Cumprir coas obrigas de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

m) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio « do non significant harm- DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do cumprimento do mesmo.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior dos mesmos; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e





iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España probe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétima. Condicións e amortización do anticipo reembolsable.

1. As condicións do anticipo reembolsable son as seguintes:

O tipo de interese é do 0%, e o prazo máximo de amortización do principal vence o 31 de decembro de 2026.

2. Non obstante o anterior, o correcto cumprimento polo beneficiario das obrigacións asociadas a axuda, incluíndo a súa adecuada execución e xustificación, que culmine na efectiva concesión da devandita axuda dará lugar á aplicación da mesma á amortización do anticipo reembolsable. Neste caso, o libramento da axuda realizarase en formalización, sen saída física de fondos, aplicándose á amortización do anticipo reembolsable

Novena. Comisión de seguimento.





1. Para o control e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.

2. A Comisión no seu funcionamento rexerese polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:

Dous representantes da comunidade Autónoma

Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

5. A Comisión de Seguimento poderá informar favorablemente as modificacións non substanciais das actuacións previstas, previa solicitude motivada e sempre que respondan á mesma finalidade e obxectivos da intervención aprobada, non alteren a coherencia global do Plan Territorial, non supoñan incremento do orzamento inicial asignado, nin afecten aos compromisos derivados do PRTR.

Para os efectos de garantir a correcta execución do PRTR, no tramo final do período de execución, poderán considerarse validamente informadas pola Comisión de Seguimento aquelas modificacións non substanciais acordadas dende o 01.01.2026, sempre que a súa formalización definitiva se produza mediante o instrumento procedente e non afecten aos compromisos asumidos ante a Comisión Europea.

6. Respecto das modificacións substanciais, as ditas modificacións deberán seguir o procedemento establecido.





Décima.- Prazo e forma de xustificación.

1. A Deputación da Coruña, finalizará a execución das actuacións obxecto do convenio, efectuará os seus pagamentos e terá subido ó aplicativo establecido ao efecto a documentación preceptiva como data límite o 30 de xuño de 2026. A documentación xustificativa terá de data límite para a súa presentación ante a Axencia de Turismo de Galicia o 30 de setembro de 2026 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterà a seguinte documentación:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.
- c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.
- d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario.
- e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.
- f) Certificado emitido polo concello que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención
- g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.





h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, para un número total acumulado de 4200 actuacións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos» exíxese a acrditación da súa finalización mediante: os informes finais ou memorias xustificativas por parte dos beneficiarios (públicos ou privados) para as subvencións relacionadas cos «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos», ou certificados ou actas de conformidade para os contratos recollidos nos «Plans Territoriais de SostenibilidadeTurística en Destinos», o certificado de fin de obra relacionadas con «Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destinos».

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.





Decima sexta.-Vixencia.

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2026

Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asíana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia
O director
José Manuel Merelles Remy

Pola Deputación da Coruña
O vicepresidente
Xosé Regueira Varela



